



Concello de Noia

CONCURSO INFANTIL DE ENTROIDO CONCELLO DE NOIA 2022

1. PARTICIPANTES

Nas categorías infantís poderán concursar todos aqueles cativos que teñan 15 anos ou menos.

As fotos para participar no concurso faranse no Claustro o Sabado 26 de febreiro de 2022 dente as 16:00 horas ata as 20:00 h.

2. CATEGORÍAS

Os participantes poderanse anotar dentro das seguintes categorías:

A. Categoría individual infantil

B. Categoría de parellas infantil

C. Categoría de grupos infantil (poderán ir acompañados de ate tres maiores de 16 anos disfrazados)

En ningunha categoría estará permitida a participación con vehículos a motor nin animais vivos.

3. INSCRICIÓNS

A inscrición farase escribindo un email a eventosconcellonoia@gmail.com, dende onde lle irán axendando hora para acudir a facer a foto, para cumprir o protocolo covid e evitar aglomeracións, a inscrición poderase facer ata o día 25 de Febreiro as 15:00 horas.

A inscrición faraa o pai, nai ou titor do cativo, maior de dezaoito anos indicando o seu nome e apelidos, enderezo, teléfono de contacto e nome do difraz.

4. XURADO

O Xurado valorará as fotografías que se lle farán os participantes, que serán subidas nas redes sociais do concello, e estará formado por 5 persoas:

- Presidente do Xurado.- Un representante da corporación municipal.
- Secretario.- Un traballador do concello.
- Vogais.- tres persoas relacionadas co mundo cultural, modistas, comparsas, gañadores de concursos en anos anteriores etc.

O xurado valorará a vistosidade, orixinalidade, elaboración, maquillaxe, simpatía e posta en escea, etc, para a concesión dos premios

Concello de Noia



Concello de Noia

O xurado queda facultado para resolver tódolos aspectos que non estean contemplados nas presentes bases, así como respecto a todas as cuestións incidentais que poidan suscitarse no transcurso do devandito concurso.

5. PREMIOS

Os premiados serán avisados a posteriori, unha vez que o xurado se reuna e tome a súa deliberación, os premios serán VALES DE COMPRA PARA O COMERCIO LOCAL, cos seguintes importes:

CATEGORÍAS	1º PREMIO	2º PREMIO	3º PREMIO
INFANTIL INDIVIDUAL	70,00 €	50,00 €	30,00 €
PARELLAS INFANTÍS	100,00 €	60,00 €	40,00 €
GRUPOS INFANTÍS	150,00 €	75,00 €	50,00 €

Cada neno/a participante no concurso recibirá un agasallo.

A PARTICIPACIÓN NO CONCURSO - DESFILE IMPLICA O COÑECEMENTO E ACEPTACIÓN DAS PRESENTES BASES.